

## Concentración contra as medidas económicas do goberno:

Como todos/as sabedes a Confederación leva máis de dous anos desenvolvendo unha campaña a prol da convocatoria dunha folga xeral que tentara poñer freo ás políticas postas en práctica polo goberno ao dictado do capital. O 29 de setembro, finalmente, e por presión do conxunto dos traballadores/as os sindicatos institucionais decidiron convocar esta folga.

Â

O éxito na comarca de Vigo tanto do paro como das manifestacións ( e no conxunto do Estado Español ) é innegable, e como daquela dixemos, era fundamental a participación de todos/as para que a "xestión" posterior da folga non volviera a caer nas máns de CCOO e UGT e negocien coa mobilización do conxunto dos traballadores/as novas privilexios para eles.

OÃ mesmo día da Folga a CGT anunciaba que para nós a mobilización non remataba ese día e citaba a todos e todas para futuras accións. Está claro, todos/as así o entendíamos que unha xornada de Folga Xeral non ía a modificar as políticas do goberno e capital, máis cando esta xornada de Folga Xeral non ía a modificar as políticas do goberno e capital, máis cando esta xornada de loita fixérase para despois da aprobación da nova Reforma Laboral, moi a pesares da CGT.

Nestes días o goberno fixou como prazo máximo ( igual xeito de "negociar" que tivo coa Reforma Laboral) para negociar a reforma das pensións cos sindicatos institucionais, tres meses. Ao mesmo tempo, xa hai quen dí que a Reforma é insuficiente é que procede en non moito tempo unha modificación que faga aínda máis flexible o despedido. Estas novas ameazas sobre os dereitos dos traballadores/as e os plans sobre o aumento da idade de xubilación, o aumento do cómputo dos anos para calcular as pensións e a mesma rebaixa ou conxelación das pensións mesmas non poden quedar sen resposta.

Así, CGT iniciou unha nova campaña de mobilizacións no conxunto do Estado Español para dende unha posición o máis unitaria posible, reclamar a modificación das políticas do goberno e a convocatoria dunha nova Folga Xeral.

Dentro desta nova campaña, a Federación Local de Sindicatos de Vigo fai un chamamento a todos os afiliados/as a que participen nas accións e **mobilización** que se están a deseñar. **O vindeiro mércores 24 de novembro** convocamos unha concentración **diantes das oficinas do banco portugués Caixa Geral de Depósitos na rúa Policarpo Sanz número 5, ás 11 da mañá**. Elíxese esta data para reiniciar as mobilizacións en Vigo por coincidir coa convocatoria da Folga Xeral en Portugal.

Ao mesmo tempo tamén vos informamos que a Confederación vai convocar no conxunto do Estado Español unha Folga Xeral de Consumo para o 21 de decembro. De todos xeitos, e dado o clima de crise xeralizada en Portugal, Irlanda e Estado Español e máis que probable que antes do 21 de decembro a Federación Local de Vigo organice novas mobilizacións das que seredes informados con toda antelación posible.

Sen máis e agardando que participedes como así o fixéches nas mobilizacións previas ao 29 Se e no propio 29. Contamos coa presenza de toda a militancia.